

TESTAMENTO SOLIDARIO



Apoia unha boa causa

sen prexudicar as persoas herdeiras lexítimas

Un testamento solidario é un sinxelo acto de liberdade. Non é necesario un gran patrimonio, porque calquera achega terá impacto na atención diaria ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

Un testamento solidario consiste en incluír a unha ou varias ONG entre as beneficiarias dunha herdanza de maneira en que non prexudique en ningún caso as persoas herdeiras lexítimas.

É ademais un exemplo de coherencia cando se inclúe, ademais de aos teus, a quen tamén o precisa e desexas axudar. Por iso a lei fai posible que poidas deixar parte do legado a entidades sen ánimo de lucro. **As ONG acollidas ao réxime fiscal especial da Lei 49/2002, como Down Galicia, non están suxeitas ao Imposto de Sucesións**, polo que a doazón chega íntegra.

É importante facer un testamento?

Aconséllase facer testamento para decidir o destino dos teus bens e dereitos e protexer así os intereses dos teus herdeiros e herdeiras. Se non o fas, será a lei quen determine quen son as persoas herdeiras forzosas e, na súa ausencia, a herdanza pasará ás administracións.



Prexudico aos herdeir@s lexítim@s facendo un testamento solidario?

Non. A lei ampara as persoas consideradas herdeiras lexítimas ou forzosas facendo unha **obligada división da herdanza que as protexe**.

Deste xeito, sempre hai unha parte da herdanza que lle corresponde ás persoas herdeiras lexítimas, mentres se establece outra de libre disposición, podendo **recibila calquera persoa ou entidade sen ánimo de lucro**. Por iso Down Galicia pode recibir doazóns sen prexudicar aos herdeiros e herdeiras.



Que faría Down Galicia co teu legado solidario?

As 7 entidades que forman **Down Galicia** teñen como principal **obxectivo mellorar a calidade de vida** de cada persoa coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e das súas familias. Defender os dereitos destas persoas é a súa loita constante, que se afronta a través da **reivindicación da inclusión social plena** e da utilización dos recursos xa existentes para toda a sociedade.

A atención diaria que ofrecen **abrangue todas as etapas vitais de cada persoa**. Desde a atención temperá da cativada, pasando pola inclusión educativa na escola, a formación e emprego e o envellecemento activo. Unha atención adecuada ás necesidades de cada persoa é fundamental **para que se poida vivir do xeito máis pleno e digno posible**.



Como podo deixar un legado a Down Galicia?

Para apoiar a Down Galicia co teu legado non é necesario un gran patrimonio, porque calquera achega, sexa en forma de fondos como de bens, inclusive de cesións de uso -coma cun inmovible-, **é valiosa e ten impacto na atención diaria** ás persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual.

É un trámite sinxelo e rápido que debes comentar cun notario ou notaria, que che axudará na redacción dun testamento que respecte os teus desexos e os dereitos dos teus herdeiros e herdeiras. Os datos necesarios para deixar parte do teu legado a Down Galicia son os seguintes:

Nome social: Federación Down Galicia

Enderezo social: Rúa Alejandro Novo González, nº1 - 15706 - Santiago

CIF: G15665144

Se xa teño testamento, teño que refacelo para incluír a Down Galicia?

Si. É necesario modificar o testamento incluíndo expresamente a vontade de deixar a herdanza ou determinados bens ao seu favor.

Queres saber máis?

- Máis información sobre o testamento solidario
- Portal de Transparencia de Down Galicia

Web: downgalicia.org.

Enderezo: Rúa Alejandro Novo González nº1 - Santiago de Compostela

Teléfono: 981 58 11 67

E-Mail: downgalicia@downgalicia.org

Síguenos!

